



Obradoiro de Prácticas, escénicas

2007

PLAN DE FORMACIÓN ACTORAL



DESCRIPCIÓN

Este obradoiro, que non é un curso, consta de dúas seccións:

Aula de Dobrax e Aula de Interpretación.

Cada aula, que estará aberta un día á semana, conta cun titor-responsable que facilitaría ao alumno os medios necesarios para o seu traballo de práctica, ensaio ou aprendizaxe.

OBXECTIVOS

Este obradoiro pretende poñer a disposición de tódolos profesionais do mundo da interpretación en xeral, da interpretación para cine e televisión, en particular, a dobraxe en Galicia, por unha parte, e do alumnado de Ciencias da Comunicación, pola outra, un “espazo vivo” onde seguir traballando, aprendendo e practicando máis alá das limitadas horas dun curso, como lugar de preparación, corrección e ensaio.

Ao tempo, pretende ser un lugar de encontro entre profesionais que poderían empregar este espazo como lugar de preparación ou ensaio, e alumnos de cursos ou materias universitarias ávidos de seguir aprendendo coa práctica.

METODOLOXÍA

Os participantes no obradoiro contan cun titor, en cada unha das seccións, que guiará (se así o requiren os participantes) a súa práctica ou ensaio.

Se os solicitantes realizaran a petición de gravar os seus ensaios, contarían con persoal humano e técnico para realizar o rexistro de son (no caso de dobraxe) ou imaxe e son (no de interpretación). Logo poderían visualizar as escenas, analízalas e corríxilas. As gravacións formarían parte dun arquivo audiovisual, dentro do obradoiro. Poderán realizarse consultas destes materiais nas propias instalacións, pero non poderán retirarse.



ESTRUTURA

O obradoiro está dividido en dous espazos:

Aula de Interpretación e Aula de Dobraxe.

Nos mesmos poden desenvolverse, entre outras, as seguintes actividades:

- Preparación e ensaios de monólogos.
- Preparación e ensaios de diálogos.
- Preparación e ensaios de secuencias ante a cámara.
- Preparación de castings.
- Prácticas de creación de personaxes.
- Prácticas de dobraxe.
- Prácticas de locución.
- Prácticas de dobraxe específicas (animación, narración, traballo de voz interpretada...).
- Prácticas de sincronía labial para dobraxe.
- Prácticas de entoación e acentuación na interpretación oral.
- Corrección de defectos de mala aprendizaxe.

DATA E LUGAR

A actividade desenvolverase durante os meses de **abril a xullo**, en horario de **18:30 a 21:00 h** nas instalacións da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (Avda. de Castelao, s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela).

A **Aula de Dobraxe** estará dispoñible os **xoves**.

A **Aula de Interpretación** estará aberta os **venres**.



PARTICIPANTES

Poden participar nesta actividade:

- os profesionais do mundo da interpretación, a dirección e a dobraxe galegos, e
- o alumnado de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago.

INSCRICIÓN

Para acceder ao obradoiro debe solicitarse cun mínimo dunha semana de antelación a reserva da aula de interpretación ou dobraxe, tanto de xeito individual, como en grupo (de non máis de seis persoas) por un máximo dunha hora.

Para formalizar por primeira vez a inscrición nesta actividade gratuíta, haberá que cubrir a **solicitud** que se pode conseguir na sede do Consorcio ou na súa páxina web (<http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org>), e presentala conxuntamente co **currículo**.

Para solicitar novamente a reserva do espazo só tería que achegarse a ficha de inscrición. Na mesma deben indicarse, ademais dos datos de contacto, a aula, a data e hora, as necesidades técnicas...

Pódese presentar esta documentación tanto na propia sede como a través de correo electrónico (formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org), ou mediante fax ao número 981545847.

O criterio de concesión das reservas será a orde de inscrición. Intentaranse conceder as datas solicitadas polos usuarios do servizo, sempre que sexa posible en función do volume de demandas recibidas.

COORDINACIÓN E TITORIZACIÓN

A actividade estará coordinada por Antonio Mourelos, que ademais será o titor da Aula de Interpretación.

Charo Pena e Luis Iglesia dirixirán a Aula de Dobraxe.

Máis información:

Consorcio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo 61,1º - Santiago de Compostela

Tfno.: 981 545 063

E-mail: formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org

www.consorcioaudiovisualdegalicia.org

Horario de atención ao público:

luns a xoves de 9:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:30 e venres de 9:00 a 15:00 h.



Antonio Mourellos Coordinador - Titor

Licenciado en Imaxe e Son pola Universidade Complutense de Madrid.

Actor e director de dobraxe desde o ano 1.985. É a voz habitual de actores como Michael Caine, Jeremy Irons, Ed Harris, Dennis Hopper... Dirixiu entre outras a dobraxe para cine de *El Fugitivo*, *El Último Gran Héroe*, *I Like it like that* ou *O Pico das Viúvas*. Para TVG dirixiu *O Padriño I e II*, *O Silencio dos Cordeiros*, *Troia*...

Foi Axudante de dirección de Roberto Vidal Bolaño en *Novo de Parmuide* e *Morosos Varios*; e actor en series como *Mareas Vivas*, *Cuéntame*, *El Comisario* ou *As Leis de Celavella*; en telefilmes como *Entre Bateas*, *La Rosa de Alejandría*, *Diario de un Skin...*; en películas como *O Lapis do Carpinteiro*, *El Alquimista Impaciente*, *O Ano da Carracha* ou *Los Lunes al Sol*...

É profesor asociado na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.

Luis Iglesia Titor

Actor e director de dobraxe desde o ano 1.987. É a voz habitual de Robert de Niro, Harrison Ford, Mel Gibson, Paul Newman...: en debuxos animados, de *Gardfield*, *Hoobs (Groove)*, *Barrio Sésamo* (ra Gustavo, Drácula)... Conta con múltiples traballos de locución en documentais, campañas publicitarias, vídeos industriais...

En televisión fixo papeis protagonistas en *Un mundo de historias* e en *Terra de Miranda* e participou como convidado en series como *Mareas vivas*, *As Leis de Celavella* ou *Libro de familia* ademais de diversas aparicións en curtametraxes, en telefilmes ou en películas como *A promesa* ou *Heroína*.

Vencellado tamén ao mundo do teatro, onde colaborou con varias compañías, pero especialmente con TEATRO DO AQUÍ en montaxes como *Rastros*, *Camiño longo*, ou *A opera d'a patacón*.

Reclamados os seus servizos como docente, imparte cursos de locución e dobraxe para distintos organismos e institucións.



Charo Pena Titora

Actriz e directora de dobraxe desde o ano 1.985. Como actriz de dobraxe, algúns dos seus traballos son: Meredith Baxter na serie *Enredos de Familia*, Mercedes Ruehl en *Lost in Yonker 's*, ou voz habitual na TVG de Meryl Streep, Julie Andrews, Sharon Stone, Susan Sarandon, René Russo, etc. Tamén intervén en series de animación, como *Angela Anaconda* (Ángela) ou *Shin Chan* (Misae).

Entre os seus traballos como directora de dobraxe destacan: *Vivir con Mr.Cooper*, a serie de animación *Cocodrilos al rescate*; en TVG series como *Ballykissangel*, *Cabaleiros con aquel*, *Terra II*, *Invasión...* Películas como *Amadeus*, *Hook-o capitán Garfo*, *Drácula*, *A lista de Schindler*, *O paciente inglés*, *Amores perros*, *In and out*, a saga de *Harry Potter*, etc., telefilmes como "Secuestrados en Xeorxia " ou "Ecos"...

Como directora de dobraxe para cinema galego: *A lingua das bolboretas*, *Cando volvas ó meu lado*, *Sei quen es*, *As belas dormentes*, *Trece badaladas*, *O lapis do carpinteiro*, *Os luns ó sol*, *Galatarai-Dépor*, *O misterio Galíndez*, *Os aires difíciles*, *Hotel Tivoli*, *Mia Sarah*, *Concursante*, *Unha muller invisible*, etc.